



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 20 de marzo de 2014
Hora de comezo: 13.45 h
Hora de remate: 14.15 h

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjúas Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Jesús J. Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria – Interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Xustificación subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego. Exercicio 2013**
- 3. Aceptación alegación presentada en relación co expediente de corta de arboredo na leira número 425, polígono 45, de Ponte Ledesma**
- 4. Aprobación e aboamento factura por gastos derivados do programa “Prevenção da Dependencia”.**
- 5. Solicitude financiamento das prestacións dos Servizos Sociais do Concello de Boqueixón 2014**
- 6. Alta abastecemento**
- 7. Aprobación convenio de colaboración entre os Concellos de Boqueixón e Vedra para a promoción de actividades de voluntariado**
- 8. Aprobación dos prezos públicos das actividades culturais incluídas na programación de primavera 2014**
- 9. Licenza urbanística**

10. Aprobación de facturas

11. Rogos e Preguntas

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 6 de marzo de 2014.

2.Xustificación subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego. Exercicio 2013

Con data do 19 de abril de 2013, sae publicado no DOGA número 76 a Orde do 10 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2013.

Con data do 16 de maio de 2013 solicítase dita subvención coa finalidade de levar a cabo todas aquelas actuacións en medidas de información, acompañamento, motivación e asesoramento que, tendo en conta as circunstancias persoais da persona beneficiaria, lle permitan determinar as súas capacidades e intereses e xestionar a súa traxectoria individual de aprendizaxe, a busca de emprego ou a posta en práctica de iniciativas empresariais.

Con data de rexistro de entrada no Concello de Boqueixón do 20 de setembro de 2013, recíbese a notificación da resolución favorable, por un importe de 20.000€, relativa á contratación de 1 persoa técnica por un período de 12 meses, dende o 1 de febreiro de 2013 ata o 31 de xaneiro de 2014.

Tendo en conta que o concello contratou a unha técnico durante o período subvencionado e que se prestou o servizo de información, orientación e prospección de emprego de xeito satisfactorio, e tendo en conta, así mesmo, que o prazo para a presentación da liquidación final remata o 31 de marzo de 2014, a Xunta de Goberno acorda:

- a) Comunicar á Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo:
 1. Que se cumpriu a finalidade da subvención concedida pola Consellería de Traballo e Benestar por un importe de 20.000€ para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2013.
 2. Que a subvención recibida para o desenvolvemento das accións de información, orientación e prospección de emprego do expediente de referencia, destinouse aos fins para os cales se concedeu e de acordo coa normativa aplicable a esta.

3. Que non se recibiu ningún outro ingreso ou subvención para a financiación da actividade subvencionada.
4. Que os pagos efectuados dende o 1 de febreiro de 2013 ata o 31 de xaneiro de 2014, ao persoal técnico orientador, se corresponden co seguinte desglose:

MES	CUSTOS SALARIAIS MENSUAIS (1)			CUSTOS SEG. SOCIAL MENSUAIS (2)			TOTAIS
	SALARIO BRUTO (inc.pluses salariais)	P.P.PAGAS EXTRAS	CUSTO SALARIAL MENSUAL (A)	% COTA PATRONAL Á SEGURIDADE SOCIAL	CNAE/ OCUPACIÓN	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL (B)	TOTAL CUSTO MENSUAL (A+B)
FEBREIRO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
MARZO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
ABRIL	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
MAIO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
XUÑO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
XULLO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
AGOSTO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
SETEMBRO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
OUTUBRO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
NOVEMBRO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
DECEMBRO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
XANEIRO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
TOTAL			15.140,16			4.859,99	20.000,15

b) Aprobar a memoria xustificativa.

3.Aceptación alegación presentada en relación co expediente de corta de arboredo na leira número 425, polígono 45, de Ponte Ledesma

O 5 de febreiro de 2014, co número de entrada 14/203, don José XXXXX, con domicilio en XXXXX, XXXXX, expón que preto da súa vivenda existe unha leira dedicada a monte, con piñeiros e carballos a menor distancia da que esixe a Lei 7/2012, de montes de Galicia, respecto de vivendas. Di igualmente que un piñeiro corre risco de caer enriba da vivenda, sendo un perigo para as persoas.

Manifesta que a leira é xestionada por dona Nieves XXXXX, herdeira do titular da parcela (xa falecido) don Jesús XXXXX.

Solicita que se proceda coa corta de arboredo de acordo co disposto na a Lei 7/2012, de montes de Galicia e sobre todo dun piñeiro polo risco que supón para as persoas.

Na Xunta de Goberno do 20 de febreiro de 2014 acórdase requirir á propietaria da leira número 425, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma, dona Nieves XXXXX, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de arboredo (piñeiro e carballo) ata gardar as distancias que sinala a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia; que en caso contrario o concello procederá coa execución subsidiaria e dáselle trámite de audiencia.

O 11 de marzo do 2014 co número de entrada 14/440, dona Nieves XXXXX presenta escrito solicitando que se corrixa a titularidade da leira número 425, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma, posto que a titularidade é de herdeiros de don Jesús XXXXX (fillos).

Así mesmo manifesta que a dirección de ditos herdeiros é no lugar de XXXXX e que non obstante van a proceder coa corta do arboredo en prazo dun mes aproximadamente.

Tendo en conta as seguintes consideracións xurídicas:

- O artigo 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Lei 2/2010 de 25 de marzo sinala que “Os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga.”

-O artigo 199.2 da citada Lei 9/2002 di que “ Os concellos ordenarán, de oficio ou a instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e previa audiencia aos interesados, a execución das obras precisas para conservar aquelas nas condicións, coa indicación do prazo de realización “.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte**, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, mimosas, acacias eucaliptos...).

As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

-A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que en canto ás demais especies arbóreas, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I, deberán gardar unha distancia de 10 metros ata o 17 de agosto de 2014. A partires desta data esta distancia terá que adecuarse aos 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural).

-O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Aceptar a alegación presentada por dona Nieves XXXXX e proceder coa corrección da titularidade no senso de que os propietarios da leira número número 425, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma son os herdeiros de don Jesús XXXXX.
2. Requirir os herdeiros de don Jesús XXXXX, propietarios da leira número 425, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de arboredo (piñeiro e carballo) ata gardar as distancias que sinala a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia
3. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo á persoa obrigada.
4. Dar trámite de audiencia os citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formulen alegacións ou presenten documentación oportuna.

4.Aprobación e aboamento factura por gastos derivados do programa“ Prevención da Dependencia”.

Con data 7 de marzo e con rexistro de entrada número 14/419 recíbese unha factura para a súa aprobación e aboamento .

Dita factura imputarase con cargo á subvención da Deputación de FOAXCA 2013 que se resolveu con nº resolución 10957 e data de rexistro de entrada no Concello o 10 de xullo do 2013 , nº rexistro 13/1378 en concepto de gastos de persoal técnico e actividades do programa prevención da dependencia.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- Aprobar e imputar a seguinte factura :

Nº REXISTRO	DATA	EMPRESA	IMPORTE
-------------	------	---------	---------

14/006	05/03/14	FISS CORUÑA Matilde XXXXX (XXXXX)	435 €
--------	----------	-----------------------------------	-------

2.- Comunicar este acordo ao departamento de Tesourería-Intervención para que proceda ó seu aboamento con cargo á subvención.

5.Solicitud de financiamento das prestacións dos Servizos Sociais do Concello de Boqueixón 2014

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que ven a substituír a orde de convocatoria anual de subvencións para a prestación de servizos sociais polas corporacións locais, modifica substancialmente a forma de financiamento e define os equipos de servizos sociais segundo o número de habitantes e áreas urbanas, metropolitanas, semiurbanas, rurais e rurais de alta dispersión. Boqueixón é, segundo esta nova clasificación, unha área semiurbana 2 (Anexo I do Decreto).

No artigo 34 defínense tipos de equipo profesional de servizos sociais comunitarios básicos, establecendo no anexo II a dotación de persoal técnico segundo o tipo de concello e área, correspondendo por número de habitantes a este Concello unha Unidade de Traballo Social que asegura a presenza dun ou dunha traballador ou traballadora social.

Segundo o artigo 31 do capítulo V, **as deputacións provinciais apoiarán prioritariamente o financiamento do SAF básico aos concellos de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento aos ditos concellos para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do profesional de referencia (Traballador/a Social) que se regula no artigo 37 deste decreto.**

O capítulo VIII, art. 40, establece como fontes de financiamento dos servizos comunitarios:

- Créditos consignados nos orzamentos das entidades locais titulares dos servizos.
- Achegas realizadas polas deputacións provinciais de acordo co establecido no artigo 31 do decreto.
- Achegas realizadas pola Xunta de Galicia.
- Recursos financeiros xerados polos ingresos en concepto de copagamento dos servizos que realicen as persoas usuarias, de conformidade coa normativa sectorial de aplicación.
- Calquera outra achega pública ou privada destinada a este fin.

O artigo 41 regula os aspectos xerais do financiamento por parte da Xunta de Galicia, que cofinanciará as corporacións locais mediante transferencias finalistas. Serán financiábeis os seguintes gastos:

- Retribucións de persoal
- Gastos derivados da prestación de axuda no fogar (para persoas dependentes reguladas no artigo 58).
- Gastos de xestión e realización doutros programas.

O artigo 58, establece o financiamento, pagamento e xustificación do servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia valoradas con dereito a atención recoñecida. Para este fin pon en funcionamento unha aplicación informática denominada SIGAD que xestiona os expedientes e listas do SAF de dependencia, intensidades horarias, etc. Na Xunta de Goberno que tivo lugar o día 20 de outubro de 2010, acordouse a adhesión deste concello ao dito convenio. En virtude do mesmo a Xunta de Galicia transfire trimestralmente ás corporacións locais as cantidades que correspondan ao SAF por dependencia en función das horas efectivamente prestadas e segundo os criterios para o financiamento do SAF recollidos no anexo III do decreto (9,7€ por hora efectiva de atención xustificada a persoas con PIA de SAF).

No artigo 61 do decreto tamén se regula a participación no financiamento do servizo de axuda no fogar das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido para SAF dependencia, así como doutros servizos básicos. Esta regularización prevé un aumento dos ingresos da parte non financiada pola Xunta de Galicia e que corresponde afrontar aos concellos, mediante a adaptación da ordenanza municipal reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar. O Concello de Boqueixón xa modificou a dita ordenanza, polo que a partires do mes de marzo de 2014, os ingresos en concepto de copagamento das persoas usuarias sufrirán un aumento considerable.

Con base no establecido neste Decreto e tendo en conta o artigo 50, que regula o cofinanciamento municipal dos gastos correntes derivados da prestación de servizos sociais comunitarios, os concellos de menos de 20.000 habitantes, achegarán o 20% do total do proxecto solicitado á Xunta, incluíndo en dita achega do 20% o financiamento da Deputación, copago das persoas usuarias, etc.

A petición para persoal do ano 2014 realízase con base nas cantidades concedidas pola Xunta no ano 2013 (tendo en conta o número de habitantes deste Concello só se financia a figura profesional da traballadora social xa que o resto de persoal debe ser cofinanciado con cargo á Deputación Provincial da Coruña).

No relativo ao servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia, prevese a prestación das horas efectivamente pagadas durante o ano 2013, solicitando a maiores un leve incremento para os efectos de diminuír a lista de agarda para a alta no servizo.

Con base ao establecido no *Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento*, a Xunta de Goberno acorda:

- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, regulada no *Decreto 99/2012, do 16 de marzo*, publicado no *Diario Oficial de Galicia* n.º 63 do día 30 de marzo, *polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento*.
- Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte neste resumo xeral é de **196.391,86 €**, co seguinte detalle:
 - **Persoal:** 15.013 €
 - **Mantemento:** 600 €
 - **Axuda no fogar para persoas dependentes:** 137.235,60 €

- **Xestión de programas:**

Escola Infantil Municipal: 37.606,12.€

Xantar na Casa: 5.937,14.€

- Continuar prestando nas mesmas condicións que no ano anterior os servizos sociais comunitarios municipais.
- Adoptar o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto presentado para a solicitude de financiamento para o ano 2014

6. Alta abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento, inclúese como beneficiario do servizo á persoa que se relaciona a continuación.

Nome	DNI/CIF	Lugar	Taxa
Francisco XXXXX	XXXXX	XXXXX	54,81 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento á persoa que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

A alta concedida é para vivenda.

Don Francisco XXXXX, aboou a taxa no número de conta XXXXX. Achega xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente .

7. Aprobación convenio de colaboración entre os Concellos de Boqueixón e Vedra para a promoción de actividades de xuventude e voluntariado

A Xunta de Goberno acorda aprobar o convenio que a continuación se transcribe literalmente:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE BOQUEIXÓN E VEDRA PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

REUNIDOS

Dunha parte, Don Carlos Martínez Carrillo, alcalde de Vedra.

Doutra parte, don Jesús Sanjuás Mera, alcalde de Boqueixón.

En nome e representación dos referidos concellos, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración de Galicia.

Ambas partes, no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecen capacidade para convir e obrigarse nos termos do presente CONVENIO de Colaboración e ó efecto,

EXPOÑEN:

1.- Que ambos concellos veñen desenvolvendo, no marco da lexislación que lle é aplicable, as competencias que lle son recoñecidas en materia de Xuventude e Voluntariado.

2.- Que co fin de propiciar unha maior incidencia social en materia de xuventude e voluntariado faise necesario establecer fórmulas de colaboración con outros organismos que permitan dotalos de máis medios, ampliación e mellora da calidade dos servizos prestados, así como actividades que na actualidade son imprescindibles para a comunidade vecinal.

3.- Que para acadar estes fins entenden as entidades asinantes que o emprego dos recursos deben facerse dende unha acción coordinada e complementaria, posto que a prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalacións, como de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administración locais de cara a un mellor aproveitamento de recursos.

4.- Para lograr unha verdadeira participación da xuventude nos diferentes ámbitos da sociedade actual é fundamental promover actuacións e canles dirixidas a garantir o acceso a unha información ampla e actualizada dirixida á xuventude e facilitar o acceso á mocidade a utilización das novas tecnoloxías. Igualmente, considerase necesario apoiar os concellos nas actuacións que leven a cabo no campo da potenciación da asociacionismo xuvenil e a utilización adecuada do tempo de lecer, así como actividades cun claro componente formativo.

5.- Considérase de máximo interese a colaboración na promoción de actividades no ámbito de voluntariado, actuacións que necesariamente deberán influir no desenvolvemento comunitario.

6.- En consecuencia e co fin de acadar a máxima rendabilidade social e unha adecuada aplicación dos recursos, ambas partes manifestan a súa vontade de formalizar o presente CONVENIO de colaboración segundo as seguintes cláusulas:

CLAUSULAS

PRIMERA.- Obxecto

É obxecto do presente acordo de colaboración regular a colaboración entre o Concello de Boqueixón e Vedra, no desenvolvemento de actividades, programas, servizos e proxectos en materia de Xuventude e Voluntariado nos termos municipais destes concellos. A tal efecto elaborárase una programación conxunta a desenvolver en ambos concellos.

SEGUNDA.- Obxectivos de Colaboración

- A elaboración e xestión de proxectos relacionados con:
Actividades de información e dinamización de información xuvenil.

- Actividades formativas e educativas.
- Programas de información e asesoramento, ocio e tempo libre.
- Programas que fomenten a incorporación da xuventude á novas tecnoloxías.

E, en xeral todas aquelas actividades relacionadas co fomento da participación e o asociacionismo xuvenil, todas elas destinadas á mocidade de idades comprendidas entre 12 e os 35 anos.

Actividades de voluntariado.

- Realización de proxectos de acción voluntaria desenvolvidos por mozos/as de idades comprendidas entre os 18 e 30 anos, ou 16 a 18 anos con autorización do pai/nai ou titor/a legal.

- Servizo de voluntariado europeo.

E cantos outros proxectos de actuación en materia de xuventude e voluntariado sempre que sexan acordes cos obxectivos de ambos concellos e se valoren polos mesmos como útiles e necesarios.

- Solicitud de axudas que poidan seren convocadas a través das distintas administracións en materia de Xuventude e Voluntariado, quedando os Concellos asinantes obrigados ó cumprimento das obrigas que deriven da concesión das subvencións.

TERCEIRA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.

As devanditas accións abrangerán ámbito territorial dos concellos de Boqueixón e Vedra.

CUARTA.- XESTIÓN ADMINISTRATIVA DOS SERVIZOS.

Os concellos elaborarán una programación anual conxunta en materia de xuventude e voluntariado.

No suposto de solicitar axudas económicas ou subvencións, a xestión establecerase da seguinte forma:

En anos pares: en materia de xuventude o representante ou promotor desta agrupación de municipios será o Concello de Vedra que realizará ás xestións administrativas, trámites coa administración e no seu caso a xestión económica da subvención concedida. O Concello de Boqueixón asumirá as funcións de representante en materia de voluntariado, realizando igualmente as xestións administrativas, trámites coa administración e no seu caso a xestión económica da subvención concedida.

En anos impares: en materia de xuventude o representante ou promotor desta agrupación de municipios será o Concello de Boqueixón que realizará ás xestións administrativas, trámites coa administración e no seu caso a xestión económica da subvención concedida. O Concello de Vedra asumirá as funcións de representante en materia de voluntariado, realizando igualmente as xestións administrativas, trámites coa administración e no seu caso a xestión económica da subvención concedida.

QUINTA.- VIXENCIA.

O presente convenio terá vixencia de dous anos dende a súa sinatura e aplicaranse as cláusulas pactadas ás subvencións ou axudas económicas que puidesen ser concedidas con cargo ás partidas orzamentarias municipais dos exercicios correspondentes ós anos 2014 e 2015.

Transcurrido o prazo de vixencia, as partes poderán prorrogalo, por acordo expreso do Órgano Competente.

SEXTA.- OBRIGAS DAS PARTES.-

1.- Ambos concellos, ademais de cumprir as obrigas establecidas pola normativa aplicable con carácter xeral ás axudas e subvencións públicas, deberán realizar as actividades acordadas conxuntamente para o desenvolvemento dos diferentes programas.

2.- Nos caso de subvencións ás que os concellos concurren conxuntamente o concello representante ou promotor figurará e actuará en representación de ambos a efectos de envío e recepción de documentación, xestións ordinarias relacionadas coa solicitude, xustificación e todo tipo de tramitacións coas administracións pertinentes, así como satisfacer as obrigas económicas que deriven do funcionamento do proxecto subvencionado, dación de contas ante os organismos correspondentes, incluído o Consello de Contas. Estes concellos tamén se someterán ás actuacións de comprobación dos órganos correspondentes en cada caso así como a realización das actividades ou cumprimentos da finalidade para o que foi concedida a subvención ou axuda económica.

3.- O concello nos que se ubiquen as actividades a desenvolver, acondicionarán e dotarán as instalacións de xeito que reúnan as condicións de seguridade que permitan o normal desenvolvemento das actividades desde o inicio do proxecto.

SÉTIMA.- FINANCIAMENTO/COFINANCIACIÓN.

Os concellos comprométese a realizar e garantir un esforzo investidor no financiamento total do proxecto, acordos ás partidas orzamentarias municipais dos exercicios correspondentes os anos 2014 e 2015 e os requisitos esixidos en cada una das ordes de solicitudes.

OITAVA.- EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Será causa de extinción do contrato o incumprimento por calquera das partes asinantes de calquera das cláusulas que se reflicten no convenio.

NOVENA.- XURISDICCIÓN E NORMATIVA APLICABLE.

O presente convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación das obrigas derivadas deste convenio resolveranse por vía administrativa ou no seu caso, mediante xurisdición contenciosos administrativa.

En proba de conformidade co contido do presente Convenio de Colaboración, asinan e rubrican na data e lugar sinalados, as persoas que ostentan a representación de ambas institucións.

Don Jesús Sanjuás Mera
Alcalde de Boqueixón

Don Carlos Martínez Carrillo
Alcalde de Vedra

8. Aprobación dos prezos públicos das actividades culturais incluídas na programación de primavera 2014

Con data do 03/12/2012 e rexistro de entrada núm. 12/2573, ten entrada nestas dependencias municipais a **Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 27/11/2012, pola que se autoriza a realización de obras** de construción dun panteón no cemiterio parroquial de San Breixo de Sergude, no Concello de Boqueixón.

Con data do 5/03/2013 (rexistro de entrada núm. 13/430), preséntase no Concello un Modificado do Proxecto, a nome do Arcebispado de Santiago de Compostela.

O expediente foi sometido ao trámite de información pública, por un período de quince días, mediante un anuncio publicado no “Boletín Oficial da Provincia”, con data 19 de marzo de 2013, así como permaneceu exposto no taboleiro de anuncios do Concello, non se presentando ningunha reclamación ao respecto.

Con data do 18/04/2013 (rexistro de saída núm. 13/395, do 19/04/2013), remítese unha copia do expediente completo, xunto co informe técnico, emitido pola arquitecta municipal, con data do 25 de outubro de 2012, ao Departamento Territorial da Consellería de Sanidade da Coruña, para solicitar o correspondente Informe Sanitario.

Con data do 30/04/2013 (rexistro de entrada no Concello núm. 13/876, de data 03/05/2013), a Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade requírelle documentación ao promotor, co fin de poder continuar coa tramitación da autorización sanitaria. Entre o requirido consta que na memoria e/ou planos subscritos por técnico competente figurará a distribución dos distintos servizos do cemiterio a ampliar, incluíndo: depósito de cadáveres, ou acreditación do concello doutro depósito; aseos, sistema de eliminación de augas residuais, sistema de abastecemento de auga apta para o consumo humano; un sistema axeitado de eliminación de lixo, roupas, madeiras... e un osario.

Co fin de xustificar o anterior requirimento de Sanidade, don José A. XXXXX, en representación da Asociación de Veciños “Areosa”, presenta un novo proxecto modificado II, a nome do Arcebispado de Santiago de Compostela, e visado con data 03/09/2013. Este proxecto, xunto co resto da documentación requirida remítese á Consellería de Sanidade, con data 10/09/2013.

Con data do 20/09/2013 a Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade emite a correspondente **autorización sanitaria favorable ao proxecto**, que ten entrada nestas dependencias municipais con data do 3/10/2013 (rexistro de entrada núm. 13/1924).

Debido a que as obras a realizar están emprazadas en solo de protección de patrimonio, o Concello remite o novo proxecto modificado II (que inclúe o novo edificio de servizos) ao Servizo Provincial de Patrimonio Cultural, co fin de modificar a autorización existente, de data do 27 de novembro de 2012. Este Organismo, con data do 18 de decembro de 2013, emite unha Resolución pola que non se autoriza o proxecto modificado II, debido á construción do novo edificio de servizos, e resolve que se autoriza a intervención, tal e como foi aprobada con data do 27 de novembro de 2012.

Como consecuencia de que Patrimonio non autoriza a construción do novo edificio de servizos que se contempla no novo proxecto modificado II, con data 24/02/2014 (rexistro de saída núm. 14/184, de 25/02/2014) remítese nova documentación, requirida no seu momento pola Consellería de Sanidade, coa que se xustifica a existencia dun depósito de cadáveres no cemiterio de San Vicente de Boqueixón, así como a existencia de dous aseos, a carón do cemiterio de Sergude, no que se pretende executar unha ampliación de panteóns, co fin de solicitar unha nova autorización sanitaria, en base ao proxecto modificado que non incluía a construción do edificio de servizos.

Con data do 11/03/2014 (registro de entrada núm. 14/441), a Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade comunica que inclúe no expediente a nova documentación aportada para tela en conta na inspección previa á autorización sanitaria de funcionamento, polo que non estiman necesaria unha nova autorización sanitaria.

Con data do 17/03/2014, emítese o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a autorización do Arcebispado de Santiago de Compostela, de data 19 de novembro de 2012, e a xustificación do ingreso da taxa, que se corresponde pola solicitude da licenza municipal, por importe de 61,62 €; así que unha vez o expediente completo, e tendo en conta os antecedentes expostos, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, ao Arcebispado de Santiago de Compostela, con CIF XXXXX, a licenza municipal de obras e actividade, para a Construción de panteóns no cemiterio de Sergude, emprazado no lugar da Igrexa, na parroquia de Sergude, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e coas seguintes condicións:

a).- Condicións particulares desta licenza:

01. Núm. de expediente da Licenza de Obras e Actividade: 12/2361
02. Promotor da licenza: ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
03. C.I.F. // N.I.F. do promotor: XXXXX
04. Clasificación urbanística: SOLO DE NÚCLEO RURAL
05. Tipo de Obras e Actividade: CONSTRUCCIÓN DE PANTEÓNS NO CEMITERIO DE SERGUDE
06. Situación e emprazamento: A IGREXA – SERGUDE
07. Taxa pola solicitude da licenza de obras: 61,62 €
08. Presuposto de execución material das obras: 37.751,98 €
09. Liquidación do I.C.I.O. (2,5% do presuposto de execución material): 943,80 €
10. Taxa pola licenza de actividade: 248,53 €
11. Prazos de execución das obras e actividade:
 - Para comezar as obras: SEIS (6) MESES
 - Para terminar as obras: TRES (1) ANOS

b).- Condicións especiais da licenza de Obras:

1. Deberase ter en conta a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, emitida con data do 27 de novembro de 2012, na que se fai constar que se autoriza a intervención solicitada, consistente na construción dunha nova ringleira de panteóns coas mesmas características que o resto dos nichos do cemiterio.
2. Deberase ter en conta o informe favorable, emitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, con data do 20 de setembro de 2013, no que se fai constar que, unha vez rematadas as obras, e antes da posta en funcionamento, deberá comunicalo a esta Xefatura co gallo de realizar a visita de inspección e obter a preceptiva autorización de apertura e funcionamento.
3. Deberanse cumprir tódalas condicións impostas no proxecto técnico modificado, visado con data 19/02/2013, e toda a documentación complementaria presentada, que serve de base para a concesión desta licenza; entre elas a dispoñibilidade dos aseos existentes na praza de Sergude, abertos ao público en horario de visita ao cemiterio, e a dispoñibilidade do depósito de cadáveres existente no cemiterio de San Vicente de Boqueixón.

c).- Condicións especiais da licenza de Actividade:

Previamente ao inicio da actividade:

Para poder iniciar a actividade, deberase notificar o fin das actuacións, mediante a presentación do certificado final de obra. Os Servizos técnicos municipais, así como os técnicos respectivos da Consellería de Sanidade, realizarán visita de comprobación ó lugar das actuacións.

Segundo:

Aprobar, a **liquidación** dos dereitos municipais, por importe total de 1.192,33 €, (dos que 248,53 € son de aplicación segundo a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola licenza de actividade; e 943,80 € son de aplicación pola licenza municipal de obra, segundo a ordenanza do Imposto sobre construcións, instalacións e obras); e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

Pago da liquidación:

O importe pola liquidación aprobado anteriormente, de **1.192,33 €** deberá ser ingresado na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: XXXXX

10.Aprobación de facturas

Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 47.610,17 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Facturas pendentes de pagamento:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
	Rexistradas en febreiro		
1	Comercial Vehículos Industriales TAR, SL – Reparación camión do lixo E-7414-BSL	2014.0.3.0.213	70,93
2	Mª del Carmen Vázquez Fernández – Produtos alimentación para escola infantil mes de xaneiro	2014.0.2.0.221	243,43
3	Comercial Sánchez – Reparacións en maquinaria municipal: motoserra, cortacésped, etc.	2014.0.9.0.213	402,95
4	Comercial Vehículos Industriales TAR, SL – Reparación camión do lixo E-7414-BSL	2014.0.3.0.213	376,82
5	Montouto Reparaciones, SL – Mantemento e reparacións camión lixo E-7414-BSL	2014.0.3.0.213	640,51
6	Consejo General Cosital – Suscripción revista Estudios Locales 2014	2014.0.9.0.220	190,00
7	Otero Caritón, SL - Subministros para mantemento vehículos	2014.0.9.0.213	88,17
8	Liquidación de gastos de J. Manuel Freiría Brey – Asistencia reunión Catastro en Coruña	2014.0.9.0.230	46,61
9	Foto Estudio Miguel, SL – Reportaxe fotográfica e vídeo homenaxe de Xosé Neira Vilas – fillo adoptivo	2014.0.9.0.226	423,50
10	Coregal, SL – Recollida residuos papel e cartón – mes de xaneiro	2014.0.3.0.213	388,98
11	Carpimetal Boqueixón, SL – Material para arranxo desbrozadora, pasamáns cemiterio Gastrar, material para cerramento cemiterio Boqueixón, pechadura igrexa de Lestedo, barandilla Deseiro –	2014.0.9.0.212	1.534,47

	Sergude e material para Protección Civil		
12	Baygar, SL – Espellos acrílicos para pistas municipais	2014.0.4.0.212	925,65
13	Ulla Oil,SL – Gasóleo A para depósitos municipais segundo contrato	2014.0.1.0.221	3.257,19
14	Santiago TV – Publicidade campañas promocionais ano 2014	2014.0.9.0.226	726,00
	Rexistradas en marzo		
15	Editorial Compostela,SA – Publicidade Festa da Filloa 2014 en El Correo Gallego – Terras de Santiago	2014.0.4.0.226	605,00
16	Editorial Compostela,SA – Publicidade Antroido en Sergude en El Correo Gallego (28/2/14)	2014.0.4.0.226	242,00
17	Editorial Compostela,SA – Publicidade Curso de Informática en Terras de Santiago (03/02/14)	2014.0.3.0.226	90,75
18	Editorial Compostela,SA – Publicidade Antroido en Sergude en El Correo Gallego (26/02/14)	2014.0.4.0.226	242,00
19	Liquidación de gastos da voluntaria europea Elina Valentinova Ivanova	2014.0.9.0.230	24,24
20	Imprenta Plana,SL – Sobres para xulgado de paz e oficinas	2014.0.9.0.220	337,59
21	Sogama – Tratamento residuos sólidos urbanos mes de febreiro	2014.0.3.0.213	5.572,00
22	Soluciones Software Libre, SL – Custo anual aloxamento, actualizacións, etc da páxina web do concello	2014.0.9.0.222	232,32
23	Eurolingua Traducións, SC – Clases de inglés mes de febreiro - segundo contrato	2014.0.3.0.226	1.728,00
24	Gasóleos San Benito,SL – Gasolina para maquinaria municipal	2014.0.9.0.221	79,70
25	Remuñan y amigo, C.B – Poder notarial para pleitos	2014.0.9.0.226	24,95
26	Gráfica de Asturias, SL – Encadernación dos libros de actas de Pleno, Xuntas de Goberno e Resolucións	2014.0.9.0.220	170,79
27	Pastelería La Estrella – Pinchos teatro grupo Tira e Afloxa - actuación do día 02/02/14 na Casa da Cultura	2014.0.3.0.226	32,00
28	El Sol, SL droguería – ferretería - Compra de podadora	2014.0.4.0.221	87,27
29	Marlo – Reparación de marquesiñas en Pumariño e A Silveira	2014.0.9.0.212	1.252,35
30	Marlo – Reparación de marquesiña en Noente	2014.0.9.0.212	551,76
31	Talleres y Repuestos Barco, SL – Reparación cortasetos	2014.0.9.0.213	29,89
32	Comercial Sánchez – Subministrados e arranxo maquinaria	2014.0.9.0.213	99,91
33	Neumáticos Abraldes – Reparacións de pinchazos en pneumáticos vehículos municipais	2014.0.9.0.213	111,32
34	Otero Caritón, SL – Materiais para reparación maquinaria	2014.0.9.0.213	100,53
35	Escola de fútbol Boqueixón – Servizos de: monitor de patinaxe en pavillón de Lestedo no mes de febreiro e monitor de pilates en ximnasio do Forte no mes de febreiro	2014.0.3.0.226	242,00
36	Ulla Oil, SL – Gasóleo C para o Centro médico de Lestedo	2014.0.9.0.221	803,44
37	Autoeléctrico Sergude, SC – Reparación en tractor Claas Arion 420	2014.0.4.0.213	20,46
38	Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL – Clases de baile maiores mes de xaneiro – segundo contrato	2014.0.2.0.210	145,2
39	Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL – Clases de baile maiores mes de febreiro – segundo contrato	2014.0.2.0.210	289,3
40	Compostela Digital –Toner impresora oficinas xerais	2014.0.9.0.213	76,67
41	Ferretería Droguería Botana – Materiais para reparacións e mantementos municipais	2014.0.9.0.213	97,97
42	Tavigosa – Arranxo avaría eléctrica Bul 3900 FZS	2014.0.1.0.213	168,80
43	L. Secope, SA – Recollida e tratamento residuos Punto Limpo mes de febreiro	2014.0.3.0.213	2.140,26
44	Talleres Sánchez Rey , SC – Arranxos varios en maquinaria municipal e compra de cuchillas para desbrozadora	2014.0.9.0.213	1.516,05
45	Almacenes Redondo – Materiais varios para obras de reparacións municipais	2014.0.4.0.212	460,34
46	El Roble, derivados del hormigón, SL – Materiais para obras	2014.0.4.0.212	2.634,88

	municipais		
47	Liquidación de gastos de Juan M. Corral Sánchez – pago mensaxería porte dos carteis da filloa	2014.0.9.0.230	7,89
		Total	29.532,84

Facturas domiciliadas e xa aboadas:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
Rexistradas en febreiro			
48	Correos y Telégrafos – Servizo de correos mes de xaneiro	2014.0.9.0.222	219,24
49	Estudio Técnico Gallego – Asistencia técnico – urbanística mes de xaneiro	2014.0.9.0.227	2.011,83
50	Vodafone – Servizo mensared do 15/01 ó 15/02	2014.0.9.0.222	14,54
51	Ricoh – Mantemento fotocopiadoras – impresoras mes de febreiro	2014.0.9.0.213	805,55
52	Movistar – Servizo telefonía móbil do 18/01 ó 17/02	2014.0.9.0.222	417,27
53	Compostela Digital – Mantemento informático mes de febreiro	2014.0.9.0.213	600,00
54	Movistar - Consumo telefónico mes de xaneiro escola infantil e local social de Lestedo	2014.0.9.0.222	49,19
55	Movistar - Consumo telefónico mes de xaneiro centro saúde de Lestedo	2014.0.9.0.222	26,01
56	Movistar – Consumo telefónico mes de xaneiro fax	2014.0.9.0.222	47,92
57	Movistar – Consumo telefónico mes de xaneiro centraliña	2014.0.9.0.222	475,30
58	Movistar – Consumo telefónico mes de xaneiro alarma	2014.0.9.0.222	29,68
59	Movistar – Consumo telefónico mes de xaneiro ximnasio	2014.0.9.0.222	62,74
60	Movistar – Consumo telefónico mes de xaneiro oficina de correos	2014.0.9.0.222	24,28
61	Movistar – Consumo telefónico mes de xaneiro Protección Civil	2014.0.9.0.222	29,14
62	Movistar – Consumo telefónico mes de xaneiro Casa da Cultura de Camporrapado	2014.0.9.0.222	23,89
63	Montaxes Eléctricos Fernández – Mantemento alumeadado público mes de febreiro – segundo contrato	2014.0.3.0.221	3.771,17
64	Estudio Técnico Gallego – Asistencia técnico-urbanística mes de febreiro	2014.0.9.0.227	2.011,83
65	Correos y Telégraos – Servizo de correos mes de febreiro	2014.0.9.0.222	246,19
66	Gas Natural Fenosa – Consumo eléctrico depuradora Orto do 25/12/13 ó 31/01/14	2014.0.3.0.221	7.211,56
		Total	18.077,33

A continuación reflíctense as facturas emitidas por CHC Energía que suman un total de 1.629,39 euros e que se aboan con cargo á partida 2014.0.3.0.212 do orzamento:

Núm. 14/437

Nº factura	Cups	Importe	Dirección suministro	Data emisión	Data facturación
1CSN140200029133	ES0111000009313060CD0F	282,72	Centro Cultural Camporrapado	06/02/14	01/01/14 a 31/01/14
1CSN140200007260	ES0221000001007050AQ0F	437,37	Lg. Ponte Ledesma S/N	05/03/14	01/01/14 a 28/02/14
1CSN140200007261	ES0221000001007059GW0F	351,41	Lugar da Baiuca, S.N	05/03/14	01/01/14 a 28/02/14
1CSN140200007262	ES0221000001007061GG0F	557,89	Lg. Ponte Ledesma S/N	05/03/14	01/01/14 a 28/02/14
	Total	1.629,39			

Aprobación de facturas do Obradoiro de Emprego

A continuación a Xunta de Goberno aproba as facturas xeradas polas obras que se están a facer no obradoiro de emprego por importe de 12.029,63 euros e que a continuación se desagregan no seguinte listado:

Importe subvención: 48.219,84 euros

Importe consumido: 1.321,26 euros

Importe a deducir: 12.029,63 euros

Importe que resta: 32.618,65, euros

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
	Rexistradas en febreiro		
1	Madesa – Materiais varios para obras realizadas no obradoiro de emprego	2013.0.6.0.609	401,15
2	Madesa – Materiais varios para obras realizadas no obradoiro de emprego	2013.0.6.0.609	1.156,64
3	Gasóleos S.Benito – Gasóleo A para obradoiro de emprego	2013.0.6.0.609	116,50
4	Sapa Cont. y Serv, SL – Aluguer contedor escombros para obras	2013.0.6.0.609	130,00
5	Almacenes Redondo – Relación de materiais varios para obras obradoiro	2013.0.6.0.609	2.264,52
6	El Roble, derivados el hormigón, SL – Materiais servidos para o obradoiro de emprego	2013.0.6.0.609	196,21
7	Aluminios Vedra – Ventás para realización de obras de acondicionamento – concello	2013.0.6.0.609	7.764,61
		Total	12.029,63

Aprobación de facturas con cargo a subvencions

Deputación da Coruña

Envellecemento activo 2013

Importe da subvención: 3.000,00 euros

O día 12 de xullo de 2013, tivo entrada no rexistro deste concello a resolución da Deputación da Coruña onde se conceden 3.000 euros de subvención para o desenvolvemento do programa de Envellecemento activo. Con data 27 de agosto de 2013 ingrésase na conta deste concello o importe do 50% correspondente o adianto prepagable (1.500 euros).

Con data 12 de febreiro ten entrada no rexistro co núm. 14/267 a factura emitida por Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL polo concepto de curso de alimentación saudable e por importe de 1.039,39 euros.

Esta actividade foi publicada na Xanela de inverno.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a factura núm. 14/018 emitida por Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL de data 12/02/2014 polo concepto de curso de alimentación saudable e por importe de 1.039,39 euros.

Facer o pagamento desta factura con cargo á subvención concedida para o efecto.

Deputación da Coruña

Plan de Escolas Deportivas e Actividades Deportivas Puntuais

Ano 2013

Importe da subvención: 4.256,20 euros

O día 17 de xuño de 2013, tivo entrada no rexistro deste concello a resolución da Deputación da Coruña onde se conceden 4.246,20 euros de subvención para o desenvolvemento do plan de escolas deportivas e actividades deportivas puntuais.

Con data 12 de febreiro, ten entrada no rexistro a factura emitida por electro Bermúdez por diverso material deportivo e trofeos para torneo interparroquial, por importe de 588,54 euro.

Con data 3 de marzo, ten entrada no rexistro a factura emitida por Suministros Técnicos Deportivos (STD) polas proteccións para o pavillón deportivo do Forte e por importe de 275,88 euros.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a factura núm. 7714 E emitida por electro Bermúdez e polo concepto de material deportivo e trofeos para torneo interparroquial por importe de 588,54 euros.

Aprobar a factura núm. A-014017 emitida por Suministros Técnicos Deportivos por proteccións para o pavillón deportivo do Forte e por importe de 275,88 euros.

Facer o pagamento desta factura con cargo á subvención concedida para o efecto.

Instituto de la Juventud

Programa “ Juventud en acción”

Ano 2013

Importe da subvención: 12.537,00 euros

O día 8 de xullo, recíbese no rexistro deste concello a resolución ditada polo INJUVE onde se concede a esta entidade unha subvención para o desenvolvemento do proxecto de voluntariado europeo para o que se conceden 12.537 euros. Neste proxecto participan 2 voluntarias europeas que desenvolverán durante 9 meses distintas actividades.

O día 25 de xullo recíbese na conta do concello o ingreso por importe de 8.775,90 euros correspondente ó 70% da subvención concedida.

O día 2 de setembro de 2013 a alcaldía ditou unha resolución na que se especifican varias obrigas que ten esta entidade coas voluntarias, unha delas é aboar os gastos de transporte e as clases de español, galego durante o período do proxecto.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a factura núm. 1 emitida por Esther XXXXX polo concepto de formación lingüística en español da voluntaria Sara XXXXX e por importe de 217,25 euros.

Facer o pagamento desta factura con cargo á subvención concedida para o efecto.

11.Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A Secretaria

Visto e prace
O Alcalde